

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as catorce horas dez

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 21 de novembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- LICENZA DE OBRAS

- Adolfo Vázquez Sobrado

#### ANTECEDENTES

1. Dona Leticia Diéguez Alonso, na representación que ostenta no presente expediente de Don ADOLFO VÁZQUEZ SOBRADO,

con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Melide, parroquia de San Salvador de Camba, solicita con data 11 de setembro de 2025 (RE-E núm. 566) licenza municipal para SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Melide, parroquia de San Salvador de Camba.

2. Achéganse proxecto técnico (visado colexial núm. [REDACTED], do 08/09/25) e anexo de data 24/10/25, redactados pola arquitecta Dona María Dolores Blanco Pouso.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras non poderá exceder de tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “*solo de núcleo rural*” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a substitución do material de cobertura existente, constituído por tellas cerámicas sobre taboleiros de madeira, así como os elementos da estrutura de madeira da cuberta (cerchas e correas), pola colocación de novos elementos estruturais de prefabricado de formigón, panel sandwich de placas onduladas de fibrocemento con illamento de poliuretano, e acabado con tella cerámica.

5. A referencia catastral do inmoble é a seguinte: 36047A032060030000PA.
6. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de TRINTA E SETE MIL TRESCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (37.383,32 €).
7. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
8. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
9. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
10. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Don ADOLFO VÁZQUEZ SOBRADO licenza municipal para SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Melide, parroquia de San Salvador de Camba, con estrita suxeición ao proxecto técnico (visado colexial núm. ████████ do 08/09/25) e anexo de data 24/10/25, redactados pola arquitecta Dona María Dolores Blanco Pouso, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.

- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) Antes do inicio das obras deberá achegarse ao expediente o nomeamento de director de execución e coordinador de seguridade e saúde das mesma.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de SETECENTOS CORENTA E SETE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (747,66 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CENTO OITENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (186,91 €).

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE**

— Ganadería Campo S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 31 de marzo de 2025 (RE-E núm. 232), coas seguintes características:

#### DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANADERÍA CAMPO S.C. (José Salgado Camiñas / Noelia Salgado García / Ana Salgado García / Paz García Abelairas)
CIF / DNI	[REDACTED]

DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE CALQUE, PARROQUIA DO SALTO
REPRESENTANTE	MARÍA MARISA PORTOMEÑE PÉREZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	AMPLIACIÓN DE INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO SEN EXCEDENTES
LUGAR	CALQUE
PARROQUIA	O SALTO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A008000860000PA
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico e documentación complementaria asinados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Marisa Portomeñe Pérez, en data 30/09/25)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	24.877,28 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira, de data 24/11/25)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE
CÓDIGO REAGA	██████████
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 24/11/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CATROCIENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (497,54 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

#### ***4.- APROBACIÓN DAS BASES DA INICIATIVA “RODEIRO DE TAPAS. XII XORNADAS DE PROMOCIÓN DOS PRODUTOS LOCAIS – EDICIÓN DE OUTONO”***

Os obxectivos principais da iniciativa responden á promoción da gastronomía local, a dinamización do sector hostaleiro local e á promoción turística e comercial do Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases da iniciativa “*Rodeiro de tapas. XII Xornadas de promoción dos produtos locais – Edición de outono*”, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar o correspondente gasto, por importe máximo de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), imputable á partida presupostaria 330/226 do orzamento en vigor.

#### ANEXO

#### BASES RODEIRO DE TAPAS XII XORNADAS DE PROMOCIÓN DOS PRODUTOS LOCAIS – EDICIÓN DE OUTONO

Ponse en marcha a edición de outono das duodécimas xornadas de tapeo, organizadas pola Concellaría de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade do Concello de Rodeiro.

1. OBXECTIVOS 1.1 Dar a coñecer o potencial gastronómico do pobo de Rodeiro a través da promoción de produtos locais de recoñecida calidade, neste caso, produtos da tempada de outono: cogomelos, caza, castañas, mazás, cabazas, etc.

1.2 Impulsar o sector hostaleiro local e o sector produtivo primario.

1.3 Consolidar esta iniciativa facer dela unha ferramenta de promoción turística, comercial e de desenvolvemento.

1.4 Convertir Rodeiro en Destino turístico pola gastronomía, a paisaxe e a Historia.

#### 2. O CONCURSO E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

2.1 Nesta iniciativa participan aqueles bares e restaurantes do Concello de Rodeiro que así o desexen. O éxito dependerá, en gran medida, da presentación, elaboración, servizo e creatividade da tapa que cada hostaleiro/a presente. Deberán ter presente que o seu esforzo será recompensado coa mellora da imaxe do seu colectivo e o incentivo que supón a idea de chegar a un maior número de clientes.

2.2 O prazo para a inscrición levouse a cabo entre os días 31 de outubro e 6 de novembro de 2025.

2.3 Dende o día 14 ata o día 19 de novembro do corrente foronse realizando as fotografías que se publicarán nas redes sociais e cartelería do evento, e que serán as participantes no concurso.

2.4 Cada establecemento presenta ao concurso unha soa tapa.

#### DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As datas que se propoñen para o desenvolvemento do concurso serán as seguintes: 28 a 30 de novembro de 2025. Todas as tapas serán realizadas aproveitando, na medida do posible, os fantásticos produtos do concello. Coincidindo coas datas de realización do concurso o Concello de Rodeiro promoverá a realización de eventos relacionados coa cultura e o patrimonio co fin de vincular a distintos sectores da vida municipal no obxectivo de impulsar as potencialidades do noso pobo.

2.5 Establécese un prezo fixo unitario de 3,00 €/tapa.

2.6 Nesta edición non haberá xurado profesional.

2.7 Os establecementos comprométense a ter á disposición do público, e en cantidade suficiente, a tapa coa que participan durante os días de duración do evento e servirán as tapas entre as 13:00 h. e as 15:00 h. e entre as 19:00 h. e as 23:00 horas. Os establecementos poderán axeitar o horario ás súas necesidades, sempre que o publiquen e o notifiquen á organización.

2.8 Os establecementos deberán colocar nun lugar visible o material promocional e corporativo do concurso, a enumeración dos locais participantes, un cartel publicitario, unha furna e uns tacos de votación para que o público poida valorar a proposta feita por cada local.

2.9 Ademais, os establecementos participantes deberán: a) Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visible na súa oferta a tapa que participen no concurso. b) Dar un informe final sobre o número e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de mellorar as futuras edicións do mesmo.

### 3. A TAPA

3.1 As tapas deberán empregar como ingredientes produtos de calidade da nosa terra, tratando a preparación de maneira tradicional ou ofrecendo unha cociña de novas tendencias pero mantendo as materias primas e o espírito da nosa gastronomía. Na súa valoración terán especial consideración:

• A elaboración • A presentación • O sabor • Orixinalidade/Uso produto local/Calidade do servizo. Ademais na tapa que sexa elaborada con produtos procedentes da produción local valorarase especialmente a promoción e a innovación que se consiga a través da conxunción do sector produtivo primario e a hostalería, xa que logo entre os obxectivos do programa está poñer en valor o produto local de calidade e promocionalo.

### 4. PARTICIPANTES

4.1 Concurran os establecementos de hostalería que teñan o seu establecemento radicado dentro do termo municipal. Para os establecementos participantes crearáselle, de solicitalo, unha conta na web que permita a localización do seu negocio en Google Maps e un enlace á páxina web da iniciativa en Facebook, sen custe para eles. Neste sentido, aproveitarase a infraestrutura existente das edicións pasadas, soamente para os interesados que desexen continuar participando. Os establecementos participantes nesta XII edición son os seguintes:

1. Casa Sánchez. "Xeración X".
2. Parrillada Maranteiro. "Sabor de outono".
3. Casa Achacán "Estrela de outono".
4. Bar Desito. "Otoño inyectado".
5. Bruxas e Coruxas. "Berenguela"
6. Bar Centro. "O outono en dous sabores".

### 5. PREMIOS

5.1 Nesta edición establécese unha única categoría de premios: o premio do público.

5.2 Modelos de cupóns de valoración do público. Utilizaranse os mesmos aprobados para a edición celebrada no mes de xuño - O premio do público determinarase polo coeficiente resultante de dividir o número total de puntos obtidos nas votacións entre as papeletas depositadas na urna. A mellor tapa será a que maior coeficiente acade como resultado desa división, determinando así a 1ª, 2ª e 3ª mellor tapa, sendo necesario contabilizar un mínimo de 50 cupóns do público.

5.3 PREMIOS DO PÚBLICO: Papeletas de votación: Cada establecemento terá un talonario. As papeletas terán que estar cubertas polo cliente cumprimentando todos os datos, de non ser así a papeleta non será contabilizada. Nela poderán valorar a tapa do 1 ó 5, e será depositada na urna. Poderán utilizar unha papeleta por tapa consumida. Cada papeleta debe ser depositada no local no que se consumiu a tapa, non se admiten como válidas as papeletas depositadas nunha urna distinta á do local no que se consumiu a tapa obxecto de valoración.

Entre todas papeletas, poderán optar mediante sorteo os seguintes premios:

1. Cea para dúas persoas nun restaurante da localidade, doazón de COGAL.

2. Varios lotes de produtos doados por outros patrocinadores.

Os premios caducarán aos trinta (30) días naturais a partires do sorteo, despois pasará a ser premiado ó 1º reserva de cada premio que entra no sorteo, polo tanto serán sacadas unha papeleta reserva por cada premio. A data de entrega de premios aos establecementos gañadores e o sorteo dos gañadores entre o público participante realizarase nun acto conxunto e programado en coordinación cos negocios participantes.

## 6. PUBLICIDADE

6.1 Con esta nova edición de Rodeiro de tapas temos una magnífica oportunidade para dar a coñecer os produtos locais e incentivar a visita ao Concello, contribuíndo deste xeito a dinamización económica e social. O paquete publicitario esténdese a dúas categorías “público” e “establecemento”.

6.2 Establecemento. A organización equipará a cada establecemento con carteis A3 con a publicidade do evento. Cupóns de votación para os seus clientes e umas de cartón para o seu depósito. Traballarase cos perfiles en redes sociais coa información detallada do evento (participantes, premios, tapas, localización, etc).

6.3 Público. Cada cliente poderá votar en cada establecemento a súa valoración da tapa que degustou. Deberá completar correctamente a información persoal requirida no cupón de votación.

## **5.- APROBACIÓN DAS BASES DO III CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL “RODEIRO É ILUSIÓN”**

Infórmase aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que, por iniciativa da Concellería-Delegada de Cultura e por terceiro ano, o Concello de Rodeiro, a través da participación cidadá, co motivo de manter o espírito do Nadal, de crear un ambiente festivo e de favorecer as compras en todo o termo municipal presenta o III Concurso de Decoración do Nadal “*Rodeiro é ilusión*” dirixido a todos os negocios, comunidades de montes, asociacións, comercios, empresas locais e familias que forman o noso municipio.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases do concurso, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS (775,00 €), co cargo á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, para o abono dos premios establecidos nas bases para os/as gañadores/as do concurso.

### ANEXO

#### *BASES DO III CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL “RODEIRO É ILUSIÓN”*

Por terceiro ano, o Concello de Rodeiro (Pontevedra), a través da participación cidadá, e co motivo de manter o espírito do Nadal, de crear un ambiente festivo, de contar coa participación da cidadanía e, así, de favorecer as compras en todo o termo municipal, presenta o Concurso de Decoración do Nadal dirixido a todos os negocios, comunidades de montes, asociacións, comercios, empresas locais e familias que forman o noso Municipio.

#### 1. — *OBXECTO.*

O obxectivo é intentar que os lugares do noso Concello se impregnen do espírito de Nadal coa colaboración de todos, cos seguintes fins:

- Dinamizar a participación activa dos-as cidadáns do Concello de Rodeiro (Pontevedra).
- Colaborar e infundir un ambiente de Nadal decorativo baseado en valores como o traballo en común, a fraternidade ou a cooperación.
- Contribuír ao aforro económico en torno a materiais de decoración do Nadal e dispoñer de elementos decorativos que aporten á localidade un entorno de Nadal acolledor e ilusionante.
- Fomentar o uso de materiais reciclables como recurso educativo á cidadanía a través da transformación do espazo.
- Sensibilizar do problema dos residuos e da importancia do reciclaxe.

#### 2. — *PARTICIPANTES.*

Establécense tres categorías de participantes:

##### a) Familiar\Individual.

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas maiores de idade con residencia no municipio de Rodeiro (Pontevedra) que realicen a decoración da fachada, balcóns ou outra zona exterior da súa vivenda.

##### b) Empresas, comercio e hostalería

Poderán participar os establecementos e empresas do concello que teñan escaparate ou fachada visible dende a vía pública e aqueles que ofrezan outro tipo de servizos como bares, restaurantes, cafeterías, asesorías, inmobiliarias, hoteis, pensións, estudos etc que dispoñan dun balcón, xanela, porta, fachada...

Os participantes responsabilizaranse do adecuado cumprimento destas bases e da realización dos trámites, permisos, medidas preventivas o de calquera índole que puideran ser precisas para a súa participación no concurso, eximindo ao Concello de Rodeiro (Pontevedra) de calquera responsabilidade polo seu incumprimento ou omisión.

Todos os negocios que queiran participar deben estar abertos ao público.

Os interesados en participar deberán inscribirse a través do correo electrónico [biblioteca@rodeiro.gal](mailto:biblioteca@rodeiro.gal), ou persoalmente na biblioteca.

##### c) Decoración de espazos públicos.

Poderán participar, empresas que acrediten a súa vinculación con Rodeiro, as asociación e/ ou agrupacións veciñais legalmente establecidas que decoren unha praza, lugar ou espazo da parroquia na que estean establecidas a excepción do casco urbano de Rodeiro.

Para o casco urbano de Rodeiro detállanse a continuación os condicionantes.

Limitanse os espazos a ser decorados a 5:

Palco da música.

Praza de Oseira (a zona a decorar será a delimitada)

Muiño do parque

Rúa Gumersindo Areán

Cuberto fronte ao PAI

Pola singularidade destes espazos, entregarase unha axuda por importe máximo de 350,00 € para colaborar na súa decoración previa xustificación e supervisión do gasto executado.

Para solicitar a decoración dun destes espazos deberá enviarse un correo a [biblioteca@rodeiro.gal](mailto:biblioteca@rodeiro.gal) xunto cun documento explicativo da proposta.

A dxudarase o espazo por orde de inscrición podendo ser excluída calquera proposta por non se axustar ás bases deste concurso.

Na proposta poderá incluír o nome dos patrocinadores a modo publicitario.

### 3. — ENTIDADE ORGANIZADORA.

O Organismo encargado da valoración do concurso será o Concello de Rodeiro (Pontevedra) a través do Departamento de Cultura. As incidencias comunicaranse ao correo electrónico [xuliadacal@rodeiro.gal](mailto:xuliadacal@rodeiro.gal)

### 4. — MATERIAIS EMPREGADOS.

Os materiais empregados para a decoración deberán ser na súa meirande parte material reciclado, así como materiais provenientes da natureza ou outro medio natural sempre que non se prexudique ou dane o medio ambiente.

Os participantes disporán de liberdade no estilo e técnica empregada na decoración da vivenda, negocio e espazo público.

Os elementos decorativos que se empreguen non poderán causar ningún perigo nin prexuízo para as persoas e os bens e basearanse na reciclaxe, a ecoloxía e a creatividade.

### 5. — CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN.

A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos realizarase por cada un dos participantes.

A decoración presentada non poderá ser modificada, deberá ser visible dende a vía pública e non causar molestia aos veciños ou transeúntes nin obstruír o tráfico de vehículos ou persoas.

A decoración deberá ter relación co Nadal e os motivos tradicionais do mesmo, tendo os participantes plena liberdade en canto á técnica e estilo decorativo, quedando totalmente prohibida a utilización de velas, fachos, pirotecnia ou calquera outro elemento que puidera resultar perigoso.

A decoración deberá permanecer exposta dende o día de solicitude ata o 7 de xaneiro de 2026, e contar as condicións precisas de conservación, coidado e seguridade durante todo o período de exposición.

As persoas participantes realizarán unha fotografía do decorado. As fotografías deben ser en formato dixital e poderán ser en cor ou en branco e negro.

As fotografías xunto coa inscrición cuberta deberán ser enviadas vía correo electrónico co asunto "concurso decoración de nadal", á dirección [xuliadacal@rodeiro.gal](mailto:xuliadacal@rodeiro.gal). Os participantes que non cumpran este requisito poderán ser excluídos. No correo deberase indicar a categoría a que se presenta, os datos persoais e a dirección ou espazo a decorar.

Asemade, todas as fotografías das decoracións que se envíen deben contar con:

- a) Título da fotografía relacionado coa temática. O título da fotografía debe ser unha mensaxe non ofensiva.
- b) Nome e apelidos da persoa que a envía e no caso de negocio tamén o nome do mesmo.
- c) Número de teléfono de contacto.
- d) Enderezo e localización das vivendas para o acto de comprobación.
- e) DNI (fotografía ou fotocopia) ou CIF da entidade.

O prazo de admisión remata o día 18 de decembro.

A decoración deberá ser retirada polos participantes deixando a vía pública en perfecto estado de acondicionamento, limpeza e ornato.

Os participantes ceden o dereito das imaxes remitidas ao Concello de Rodeiro (Pontevedra) para a súa publicación en medios de comunicación, páxina web, redes sociais, para a realización dun álbum recordatorio, así como calquera outro soporte físico ou audiovisual co obxecto de publicidade corporativa.

#### 6. — PRAZOS.

- *Prazo para envío das fotos:* desde o 3 de hasta o 18 de decembro de 2025.
- *Prazo de exposición do traballo:* ata o 7 de xaneiro de 2026.
- *Prazo para a valoración:* do 10 de decembro de 2025 ao 3 de xaneiro de 2026.
- *Prazo de resolución de premios:* 4 de xaneiro de 2026.
- *Prazo de entrega de premios nas datas que se estableza a festa de Reis.*

#### 7. — TEMA.

A Decoración do Nadal das fachadas, balcóns, xanelas, escaparates, espazos públicos etc que dean a vía pública.

#### 8. — VALORACIÓN.

Para a valoración das fotografías presentadas ao concurso, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Cantidade e tipoloxía de materiais reciclables ou da natureza empregados.
- d) Adecuación coa imaxe xeral do espazo onde estea instalada.
- e) Entusiasmo polo Nadal.

Cada membro do xurado emitirá a súa valoración nunha acta de votación por categoría e o sistema de votación será o seguinte:

- Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 10 puntos. etc.
- A suma de todos os puntos , dará lugar aos-as gañadores-as do concurso.
- No caso de empate, volverase a puntuar, pero nesta ocasión se puntuará do 1 ao 3, así sucesivamente ata que se consiga un claro gañador-a.
- En caso de empate, será designada a candidatura que máis número de veces acadase a puntuación máxima (10 puntos). Se aínda así continuase o empate, a designación correspondería á que acadase máis 9 e así sucesivamente.
- O fallo será inapelable, podendo declarar deserto o concurso.

- Formulado o fallo, e emitida a acta, a competencia para o outorgamento do premio corresponde a Concellería de Cultura ou órgano no que delegue.
- Os-as concursantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.
- Os premios se establecerán en función da maior puntuación obtida.
- Unha vez emitido o fallo, o Concello de Rodeiro (Pontevedra) contactará cos premiados-as (persoa individual ou representante do negocio ou asociación ) co obxectivo de que aporten a documentación requirida, tal e como figura no Anexo I desta convocatoria.
- A selección dos gañadores-as será a discreción absoluta do xurado e o seu fallo será definitivo e inapelable.
- A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases.

#### 9. — O XURADO.

O xurado estará formado por dúas persoas acreditadas designadas por acordo da Xunta de Goberno Local.

#### 10. — PREMIOS.

Os premios divídense por categoría da seguinte forma:

##### 1º Categoría

- 1º Premio: 150,00 €
- 2º Premio: 100,00 €
- 3º Premio: 75,00 €

##### 2º Categoría

- 1º Premio: 200,00 €
- 2º Premio: 150,00 €
- 3º Premio: 100,00 €

##### 3º Categoría

- 1º Premio: Diploma
- 2º Premio: Diploma
- 3º Premio: Diploma

#### 11.— ENTREGA DOS PREMIOS.

Os premiados serán entregados o día de Reis na carpa municipal .

Os premiados recibirán o día do acto un diploma do Concello de Rodeiro (Pontevedra) acreditativo do premio.

Os premios liberaranse a través dun vale para gastar no comercio, hostalería ou empresas de servizos de Rodeiro.

A data de entrega dos premios do concurso comunicárase aos interesados e publicarase na web do Concello. (sede electrónica, páxina de Facebook, etc).

#### DISPOSICIÓN FINAIS.

A participación implica a aceptación desta convocatoria e calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización.

O Concello de Rodeiro (Pontevedra), informa que os datos de carácter persoal que sexan facilitados serán obxecto de tratamento nos nosos ficheiros, coa finalidade de xestionar a participación no concurso, comunicar a condición de gañadores e entregar os premios correspondentes. Os datos do nome, apelidos e a dirección onde a decoración está instalada poderán ser publicados tanto nas páxinas web do organizador, como en calquera outro medio de comunicación electrónico ou convencional. A participación no concurso supón a plena aceptación do tratamento e cesión dos datos persoais e do uso das fotografías proporcionadas, nos termos expostos nesta convocatoria.

Coa participación no neste concurso autorízase ao Concello de Rodeiro (Pontevedra) ao uso de forma gratuíta da imaxe por tempo ilimitado.

A presente convocatoria publicarase na páxina web do Concello de Rodeiro (Pontevedra) e no taboleiro de anuncios, facebook, etc.

## 6.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DA LIÑA 2 DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2025

En relación á subvención outorgada por resolución da Presidencia da Deputación de Pontevedra, de data 29/04/25, por importe de 53.205,41 €, para o financiamento de “*xestión de residuos sólidos urbanos*”, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, de conformidade coas Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 1, correspondente ao día 2 de xaneiro de 2024 (expediente núm. [REDACTED]), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 53.205,41 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	[REDACTED]	2025/0082	26/02/2025	13/03/2025	7.184,38 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	[REDACTED]	2025/0476	28/02/2025	26/03/2025	5.887,53 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	[REDACTED]	2025/0869	31/03/2025	08/05/2025	5.887,53 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	[REDACTED]	2025/1124	30/04/2025	22/05/2025	6.268,96 €

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	██████	2025/1462	31/05/2025	03/07/2025	7.115,41 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	██████	2025/1757	30/06/2025	07/08/2025	6.437,20 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	██████	2025/2188	31/07/2025	03/09/2025	7.380,84€
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	██████	2025/2600	16/09/2025	30/09/2025	7.066,29 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	██████	2025/2826	30/09/2025	25/11/2025	6.968,06 €
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.	██████	2025/3115	31/10/2025	25/11/2025	6.614,85 €

— Cantidade xustificada: 66.811,05 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Deputación de Pontevedra, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

## ***7.- CONCESIÓN DA SEXTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025***

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 5 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 23, correspondente ao día 04/02/25. Con data 28 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 620, do 28/04/25).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 25/11/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a sexta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor do veciño que deseguido se relaciona e coa tipoloxía, contía e destino que se especifica:

#### Investimentos

BENEFICIARIO	DNI	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Padín – Arago	721,16 €	Acondicionamento habitabilidade da vivenda

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % da axuda concedida.

Terceiro.- O gasto subvencionado debe ser efectuado con anterioridade ao día 31 de decembro de 2025. O beneficiario deberá presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2026. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

### **8.- CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL FINANCIADAS POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que a Consellería de Política Social e Xuventude concedeu ao Concello unha asignación de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) con destino a axudas de emerxencia social, dentro das transferencias finalistas correntes para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios (expediente ██████████).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 25/11/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder as seguintes axudas de emerxencia social a favor das veciñas que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

### Gastos correntes

BENEFICIARIA	DNI / NIE / PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	260,00 €	Abono aluguer
████████████████████	██████	Aldea de Baixo – Riobó	700,00 €	Abono aluguer
████████████████████	██████	Barbeitos – Negrelos	500,00 €	Abono aluguer e produtos de alimentación, primeira necesidade e hixiene

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2025. As beneficiarias deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 31 de decembro de 2025. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

## 9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 112,89 €, 28,00 €, 404,62 € E 47,00 €

Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7JP0002656, TA7JP0002657, TA7JP0002658 e TA7JP0002662 (FACe).

- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 6.968,06 € E 6.614,85 €  
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello nos meses de setembro e outubro de 2025, s/facturas núm. 2025/2826 e 2025/3115 (FACe).
- PORCELANA DE SARGADELOS S.L. 231,00 €  
Por adquisición de trofeos para campionato de raposo, s/factura núm. FGS/10 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*
- EVENTOS PIÑEIRO S.L. 2.359,50 €  
Por instalación de carpa para as festas de San Vicente de Rodeiro, s/factura núm. 2025/03 (FACe) – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*
- BANDA DE MÚSICA DE CHANTADA 1.800,00 €  
Por actuación musical nas festas de San Antonio de Rodeiro, s/factura núm. 1/2025 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*
- ASOCIACIÓN MÚSICO CULTURAL CHARANGA NOROESTE 540,00 €  
Por actuación musical nas festas de San Antonio de Rodeiro, s/factura núm. 25024 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*
- ASOCIACIÓN CULTURAL “OS VARACUNCAS” 850,00 €  
Por actuación musical nas festas de San Antonio de Rodeiro, s/factura núm. 25/006 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*
- EVENTOS PIÑEIRO S.L. 3.702,60 €  
Por actuación musical nas festas de San Antonio de Rodeiro, s/factura núm. 2025/15 (FACe) – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*

- FEDERACIÓN HÍPICA GALLEGA 3.000,00 €  
Por asistencia técnica na organización do “*Campionato Galego de Andadura*”, s/factura núm. 2025/005 (FACe) – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*
- FARO DE VIGO S.A. 181,50 €  
Por publicidade institucional do Concello para o “*Campionato Galego de Andadura*”, s/factura núm. 2025F0000978 (FACe) – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*
- ALQUILERES LALÍN S.L. 437,42 €  
Por aluguer de vallas peonís para o “*Campionato Galego de Andadura*”, s/factura núm. 25/436 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*
- PREFABRICADOS FARO S.L. 544,50 €  
Por subministro e porte de area para o “*Campionato Galego de Andadura*”, s/factura núm. PF2025/096 – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por acordo do Pleno de data 21/11/25.*

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)